

Ref.-AEG/axps
605/16

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DUNHA UNIDADE DE HOSPITALIZACIÓN E REHABILITACIÓN DE ONCO-PEDIATRÍA NO HOSPITAL TERESA HERRERA-MATERO INFANTIL DE A CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, adscrito á Consellería de Sanidade, e a Fundación María José Jove, teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo o Proxecto de reforma da actual unidade de lactantes do Hospital Teresa Herrera–Materno Infantil (A Coruña), coa finalidade de dotalo dunha unidade de Hospitalización e Rehabilitación de onco-pediatría na planta terceira do Hospital, para dar un mellor servizo aos pacientes onco-pediátricos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia configúrase o Servizo Galego de Saúde, como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade.

Dito organismo autónomo integra os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou transferidos, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se adscriban.

Entre ditos establecementos sanitarios está o Hospital Teresa Herrera– Materno Infantil (A Coruña), que conta, entre outros, cos servizos de pediatria, na súa terceira planta.

É interese do Servizo Galego de Saúde, co fin de dar un mellor servizo ós pacientes onco-pediátricos do Hospital Teresa Herrera–Materno Infantil da Coruña, reformar a unidade de lactantes para crear unha unidade de Hospitalización e Rehabilitación de onco-pediatría na planta terceira do Hospital.

A FMJJ, é unha entidade sen ánimo de lucro que persegue fins de interese social, os cales se estruturan en torno a catro grandes áreas de traballo: Promoción Cultural, Saúde, Educación e Formación e Ocio e tempo libre responsable.

As institucións intervenientes xa teñen establecido no pasado liñas de actuación de mutuo interese, teñen obxectivos comúns, e están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para levar a cabo o obxecto do presente acordo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto



Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 14 de xullo de 2016.
O xerente do Servizo Galego de Saúde.